



O NADAL



XIX
certame
de
xornalismo

certame
de
poesía



XIX CERTAME DE XORNALISMO SOBRE O NADAL

Patrocina:



Consellería de Cultura

DEBUXO LOGOTIPO:

XOSÉ RODRÍGUEZ VARELA

DESEÑO MAQUETACIÓN:

XESÚS FRAGA

COORDENACIÓN:

XULIO XIZ RAMIL

IMPRESO EN «LA VOZ DE LA VERDAD»

DEP. LEGAL LU 361 – 1995

XIX CERTAME NACIONAL DE POESÍA SOBRE O NADAL

Patrocina:



A U L A D E C U L T U R A

A publicación dos traballos premiados é posible pola colaboración da Dirección Xeral de Política Lingüística, da Consellería de Educación Universitaria, da Xunta de Galicia.

ARREDOR DO NADAL

Cada Nadal é unha ocasión máis para comprobar a resposta dos crentes á mensaxe que desde Begonte, desde o Belén Electrónico, se lanza, dirixida ós homes e ás mulleres de boa fe.

E milleiros de homes e mulleres de boa fe, veñen a nós –ó centro cultural JOSÉ DOMINGUEZ GUIZÁN– buscando esa mensaxe de Amor e Fe que cada ano vai implícita na montaxe do Belén, na sinxeleza das figuras, na forza que as move que non só é a enerxía eléctrica que move os motores que as gobernan.


Este libriño que teñen vostedes na man, posible gracias ó apoio da Consellería de Educación da Xunta de Galicia (Dirección Xeral de Política Lingüística), é unha manifestación máis –esta, en soporte de papel e letra de imprenta– da forza do Nadal, do poder do Amor e da Paz.

Gracias a tódolos homes e mulleres de boa fe que colaboran connosco na potenciación do Nadal, gracias por traernos ós seus nenos, gracias por comulgar cos mesmos sentimentos.

E gracias ás Institucións que –ademais da mencionada– colaboran connosco: Consellería de Cultura, Deputación Provincial de Lugo, concello de Begonte, Caixa Galicia, Caixa Rural... Sintoni-zan co noso Nadal e fano máis forte cada ano.

Por fin, lembranza dos que se nos foron (meu irmán José, o fundador; Teté...) e que desde o Reino do Belén Perpétuo estannos á axudar.

¡Feliz Nadal!



Xesús Domínguez Guizán

Presidente do Centro Cultural de Begonte



POESÍA

XIX CERTAME DE POESÍA SOBRE O NADAL

O Centro Cultural «José Domínguez Guizán» de Begonte –entidade que promove o Belén Electrónico– co patrocinio da aula de cultura de CAIXA GALICIA, co gallo do Nadal 1994, ven de convocalo «XIX CERTAME NACIONAL DE POESÍA SOBRE O NADAL», que se vai rexir polas seguintes BASES:

- 1.–Poden participar tódolos poetas que o desexen, con textos en galego ou castelán.
 - 2.–O tema dos traballos ha se-lo de O NADAL, desde calquera punto de vista.
 - 3.–Hanse valora-los textos que fagan referencia a Begonte e o seu Belén.
 - 4.–É libre a construción dos poemas e a medida dos versos.
 - 5.–Hanse concede-los seguintes premios:
 - PREMIO BEGONTE DE POESÍA, dotado con 100.000 ptas. e estatuíña de Sargadelos.
 - SEGUNDO PREMIO, dotado con 50.000 ptas. e estatuíña de Sargadelos.
 - 6.–A remisión de orixinais farase por triplicado ó Centro Cultural de Begonte (Lugo), tanto persoalmente como por correo certificado, denantes das doce horas do día seis de xaneiro de mil novecientos noventa e cinco.
 - 7.–Tódolos traballos han ser presentados con plica, facendo constar nela os datos persoais do autor.
- BEGONTE (Lugo), novembro de 1994

BASES

FALLO DO XURADO DO XIX CERTAME DE
POESÍA "BEGONTE E O NADAL"



O Xurado calificador dos traballos presentados ó XIX CERTAME DE POESÍA "BEGONTE E O NADAL", formado por:

D. XAVIER RODRÍGUEZ BARRIO

D. MANUEL XOSÉ NEIRA

D. RAMÓN SOILÁN PENAS (En representación da entidade patrocinadora)

D. XULIO XIZ RAMIL (En representación da entidade convocante, que actúa como secretario) acorda emitilo seguinte fallo:

– PREMIO BEGONTE DE POESÍA, dotado con 100.000 ptas. e estatuíña de Sargadelos. Concédese ó poemario A NOITE E A ESTRELA (REFLEXIÓNS E PREGOS DE NADAL), presentando baixo o lema ORBALLO NOS ACIBROS, por MARÍA DO PILAR CAMPO DOMÍNGUEZ (MARICA).

– SEGUNDO PREMIO, dotado con 50.000 ptas. e estatuíña de Sargadelos, concédese a PASTORELA NAVIDEÑA, presentado baixo o lema PALOMA, por ESTEBAN COVARRUBIAS DE LA PEÑA, de Zaragoza.

O SECRETARIO DO XURADO

Xulio Xiz Ramil

**FALLO
DO
XURADO**



MARÍA PILAR CAMPO RODRÍGUEZ (MARICA)

María Pilar Campo Domínguez, naceu no Val do Mao, nas terras do Incio. É mestra. Reside no Torriión (Rigueira), do Concello de Xove.

Como poeta, acadou premio nos Certames do Centro cultural de Begonte os anos 1978, 1980, 1981 e 1985; en Vilalba en 1977 e 1979, en Ribadeo en 1982, e en Sarria en 1990. Como narradora, en Sarria, nos certames Meigas e Trascos, en 1986, 1987, 1988 e 1989. E como autora teatral, no Certame de O Facho, en 1983.

Ten publicado o libro de poemas TRAS AS PORTAS DO ROSTRO, e as obras teatrais O CAZADOR DE ESTRELAS, O PREMEXENTES NON PODE COS PAXAROS REBEZOS e DOUS VELLAS E UNHA SOIA SOIDADE (Con Xosé Manuel Carballo).

Publicou poesía e narracións en DORNA, O LIBELO, ARTESONADO, ESCRITA, etc.

É. autora, asimesmo, de cancións gravadas polos grupos Fuxan os Ventos, e Agrupación Juan Vila.

A NOITE E A ESTRELA
(REFLEXIÓNS E PREGOS DE NADAL)
LEMA: “Orballo nos acibros”

QUEN ESTO ESCRIBE PIDE UN CORAZÓN NOVO

Para falar contigo, meu Neniño,
dame a voz da fontela, branca e pura,
e un corazón sinxelo no camiño
de Belén, que é dos pobres a ventura.

Para falar contigo dáme a estrela
da Esperanza a brillar dentro do peito,
que eu levo a miña noite na fardela
para que a túa luz ma encha a feito.

Para falar contigo dos asuntos
deste mundo que agarda un tempo novo
no que o león e o año pazan xuntos,

en tanto que o home segue sendo un lobo
para o home, e o oficio de defuntos
afoga o meu cantar cando te trobo,

“MUNDA COR MEUM”, E ENCHE A MIÑA BOCA
COA PALABRA DO AMOR QUE Ó AMOR INVOCA.

VEN, SEÑOR

Estamos sós e é noite, doce Amigo,
e a penedos de xelo aferrollados,
anda o medo bruando nos tellados
e anda a morte petando no poxigo.

Choramos sen cesar, sen apouvido,
sentímonos na vida desherdados,
sen cariño, sen lar e sen coidados,
sen xustiza, sen pan e sen abrigo.

Ven, dinos outra vez que temos casa
e que Deus é un pai moi garimoso,
arromba o noso medo, encende a brasa

que esmorece na foz do peito noso.
Dinos que todo o deste mundo pasa
e fica só o feito xeneroso.

BELÉN

Se pasas ó meu lado e non te vexo
ten piedade de min, porque ceguei
e esquecín a que é a túa única lei
e confundín o ouro co reflexo.

Porque hai tempo andaba ó teu axexo
agardando polo corcel dun rei
e nunca nun cabalo te albisquei,
camiñabas a pé con paso rexo

ou cun andar moi feble polas rúas,
sen leares unha estrela na fronte
nin a chave das noces na alxibeira.

Belén está onde hai persoas núas,
no espacio que abrangue o horizonte
ou da propia morada na soleira.

CORTA, XESÚS, AS MAPOULAS VERMELLAS

Chegaron anxos e deron a nova
cando xa a noite estaba demediada,
que o Rei da Paz, durmindo nunha cova
cinguía do amor a única espada.

Pero a fera no corazón se entoba
de toda a humanidade desvairada
e a guerra roe pola historia, loba
con furia de fatal fame atrasada.

Corta, Xesús, as mapoulas vermellas
que na terra se verten cada día,
coa túa espada de amor, e sexan rellas

as mans de cada home na porfía
de labrar a paz e enterrar as vellas
xenreiras deste mundo que agonía.

NON NOS DEIXES SER RICOS

Deitado nunhas pallas, meu Neniño,
da pobreza e a fame compañeiro
arrenegas do ouro e do diñeiro
porque fan este mundo máis mesquiño.

Que a ambición non nos colla en remuíño
e nos leve con ela ó seu lindeiro
onde reina a tristura e o baleiro,
porque alí o teu sol é velaíño.

Multiplica os pans e mais os peixes
dende as mans das persoas laboriosas
e que o ben lles floreza como as rosas.

Non digamos xamais “as cousas nosas”
mentres no mundo os pobres son a feixes:
non nos deixes ser ricos, non nos deixes.

FILLO DA TERRA

Foinos dada unha Terra ben vizosa,
estralante de forza e de beleza,
máis cravamos na pel da natureza
arreo a nosa pouta pezoñosa.

Xeme agora ferida e aínda amosa
un aquel de frescura e afouteza,
un pulo cara á vida, unha grandeza
frente ó escuro inimigo que a acosa.

Ouh, Neno de Belén, Fillo da Terra
e Irmán dos Homes que esta Terra cría,
detén a nosa man cando é que erra

e antepón a riqueza fuxidía
á saúde dun mundo que non berra,
pero sofre unha morte cada día.

NON PERMITAS QUE VOLVA DE BALEIRO

Busca traballo un home sen vagar
e cando chega a noite ten na meda
cal colleita madura todo o ar,
toda a rabia do mundo por moeda.

E matina que o seu valor é par
do que lle dá o mercado na almoeda
e daquela o vivir faise rodar

porque toda a esperanza estalle en veda.
Ouh, Fillo de Xosé o Carpinteiro,
o de berce cativo e proletario,
non permitas que volva de baleiro,

fai Ti que xurda un tempo solidario
para que cada home sexa herdeiro
do traballo das mans e dun salario.

OS QUE ERRARON O CAMIÑO

Puxeron toda a forza e a ansiedade
na procura do camiño da dita
e caeron na poza onde habita
un monstro que os azouta sen piedade.

Roeunos coma serpe a liberdade
que deveu para sempre xa maldita,
a súa xuventude foi proscrita
e só a noite lles queda por herdade...

...e Tí, Xesús, nacendo nos que axudan
a que a alba renaza clarexada,
alumando o camiño do regreso,

alentando a aqueles que se mudan
para unha nova vida esperanzada,
pero aínda non poden co seu peso.

EN GALEGO

Na nosa fala que moitos rexeitan
busco as palabras que son máis queridas,
para apousar coma pombas belidas
neses teus ollos que mil meles deitan.

E vexo ben canto te deleitan
cando eu as acho, ás veces perdidas,
polo desprezo e o tempo feridas,
que para Ti novamente se enfeitan.

Se Ti naceras galego, Rapaz,
teño seguro como falarías,
que en voz allea non foras capaz

de dirixirte á Virxe María.
Fala connosco, que o noso solaz
polos teus verbos de amor chegaría.

QUEN ESTO ESCRIBE NON SE ATREVE A ANAINAR Ó NENO

¿Como che hei eu cantar se te abanea
nos seus brazos a Virxe gloriosa,
a da voz tan belida que florea,
a da voz máis suave e harmoniosa?

¿Como che hei dicir: “ouh, ea, ea”,
irrompendo na fonte melodiosa
da túa nai, a quen Deus chamou graciosa
pola boca dun anxo en Galilea?

Durme, Neno Xesús, que xa che é hora;
durme, Neno Xesús, que eu non te arrollo
porque te ten a túa nai no colo.

Mais perdoa se nun anceio tolo
a voz se me tornase soñadora
e xunguise o cantar ó da Señora.

QUE NON LEVEN O TREN

Arrorró, meu Neniño de Belén,
arrorró, meu Neniño de Begonte,
e que che chegue o chucuchú do tren
mesturado coa cantiga da fonte.

Tenche un vaivén o tren, ten tal vaivén
para arrolar ós nenos que, consonte
vai camiñando pola vía, vén
Pedro Chosco baixando pola fronte.

Ó Belén de Begonte presuroso,
arrorró, fofofó, pi, chucuchús,
arrorró, fofofó, durme, Xesús.

Arrorró, fofofó, pi, chucuchús,
que non leven o tren, que o tren é noso,
para ir ver ó Neniño máis fermoso.

PRECISAMOS A VOZ DOS BELENISTAS QUE XA ESTÁN NA OUTRA BANDA PARA O CONCERTO DO NADAL

Con Francisco de Asís ides á liza
da ternura por altos corredores,
artellando mil xogos de cores
para enfeitar as casas de cortiza.

E abaixo o voso nome aromatiza
o Belén de Begonte coma flores
orballadas de alba, poboadores
xa do reino da Paz e da Xustiza.

Cantaredes connosco porque é a hora
de entoar o concerto da alegría
e a nosa voz é feble e cadora

esquecemos a música que guía
esta onda harmónica e sonora
á perfección total da melodía.



ESTEBAN COVARRUBIAS DE LA PEÑA

Burgalés de nacemento, reside en Zaragoza. É profesional da información en Radio Nacional de España en Aragón.

Obtivo o seu primeiro premio literario xa antes de remata-lo bacharelato, co gallo do Milenario de Castilla. Ten acadados numerosos galardóns, entre os que comprende subliñar o «REYES MUERTAS», de contos, e «EL BROCENSE», de Extremadura e «ANTONIO MACHADO» de Sevilla, en poesía.

PASTORELA NAVIDEÑA

LEMA: “Paloma”

Por un ángel y una estrella
los pastores advertidos
se dirigen al establo
donde Jesús ha nacido.

Allí están José y María
y un chiquitín dormidito
que, al oírlos, se despierta
y hace tiernos pucheritos
con su boquita de rosa.

“¡Ay, qué bonito es mi niño!”
a la madre se le escapa
la ternura en el suspiro.
Y lo coge con dulzura,
y lo aprieta contra el lirio
de su pecho...; él se agarra
ansiosamente. “Chiquillo,
despacio... No te atragantes”,
dice María con mimo.

Y se emociona José:
“¡Este niño es un hechizo!”.

El niño sonrío... Luego
vuelve a llorar compungido.
-“Esa naricilla roja
da a entender que tiene frío”,
indica con suficiencia
un perspícaz pastorcillo.

Y la madre enternecida
con su manto abriga al crío
que rebulle y patalea
molesto y poco tranquilo,
quejándose, porque tiene
los pañales mojaditos.

A María no le quedan,
¡ay, Señor!, pañales limpios,
porque los moja en seguida
el niño recién nacido,
y se escapa presurosa
a lavarlos en el río.

El agua, alegre, bailaba
en gozosos remolinos
alrededor de sus manos
y los pañales del niño.

María, para secarlos,
los tiende sobre un espino;
mientras junto al niño vuelve,
los cuidan los pajaritos.

Está radiante y hermosa
que, al venir por el camino,
el viento de la alborada
peina sus cabellos lindos
y en el sendero se inclinan,
cuando ella pasa, los lirios.

• • •

José lleva unas sandalias
destrozadas del camino;

los pastores que lo advierten,
como son muy compasivos
quieren hacerle unas nuevas
con una piel de cabrito.

María, que se da cuenta,
lanza un suspiro de alivio,
porque ella fue todo el viaje
subida en el borriquillo.

Cariñosos los pastores,
humildes y divertidos,
en impulsos candorosos
manifiestan su cariño:

Para que el niño se ría,
le hacen caricias y guiños...,
y tratan de fabricar
unos simples juguetitos
con sus rústicas navajas
para diversión del crío,
cogiendo ramas de higueras
que bordean el camino.

José, que era carpintero,
como siempre había sido,
se sonríe, al ver tan poca
destreza en aquel oficio.

Para que coma la madre
y dé de mamar al niño
sacan de pobres zurriones
huevos, queso y panecillos...

Para espabilar la noche,
entumecida de frío,
y celebrar el encuentro
con aquellos peregrinos,
a la entrada del establo
una lumbre han encendido...
¡y se disponen a asar
un pequeño corderillo!

¡Y qué confianza se toman,
campechanos y sencillos!:

Hay uno que parte el pan,
otro que reparte el vino:
-“¡Échate un trago, José,
que el vino te quitará el frío!
Y tu, María, también...”

-“Estos le dan hasta al niño”,
piensa José, con un poco
de recelo agradecido.

(Un cordero, también pan
y para más señal, vino.
¿No fue una misa de gallo?
¿No es un símbolo eucarístico
que aflora sencillamente?).

Luego José, muy tranquilo,
se llega hasta un olivar
cercano, y carga el borrico
con leña para la lumbre
y cañas para hacer chiflos

y zambombas que, en hacerlas
y tocarlas, son muy finos
los pastores. ¡Y que fiesta
y qué alborozo y qué ruidos
se lían junto al establo!

Los ángeles, al oírlos,
se suman a la algazara
repitiendo este estribillo:
“¡Gloria, gloria a Dios cantamos
y paz para el mundo pedimos!”.

• • •

Por Begonte van rodando,
en Navidad, los suspiros,
mientras contemplan y ofrecen
su “Belén” los begontinos;
y, como aquellos pastores,
pregonan su regocijo
con zambombas y panderos,
“muiñeiras” y villancicos.
Cantan , porque están alegres,
beben su exquisito vino
y en la lumbre de sus lares
asan tiernos corderillos.

Son del forastero hermanos,
de los rivales, amigos...
y, en Navidad, son pastores
también, que adoran al Niño.

...Y piden ante el “Belén”,
donde Dios ha renacido,
que no se fijen sus ojos

en el mundo envilecido,
que la paz extienda el vuelo
por el espacio infinito,
que siembre de palomares
esta tierra en que vivimos,
¡y que las palomas traigan
ramos de olivo en el pico!

sanal para le...
ousas da vida, cheo de a...
niversais, cheo de a...
dos dos nosos devance...
n habilidade, inxenio e...
a...
arredor é tamén un...
ropicio para que a...
da á ledicia arte...
iva medre e...
amiños e...
mas...
sua... a...
lúa... a...
parpadexa...
ata o amencer du...
no que se aviva a ch...
vida e do traballo cotián...
Nunha xuntanza do gre...
os protagonistas do gre...
ecimento figuran...
ro plano: Os Rei...
arón do Neno Deus, e...
rfa e S. Xosé, e...
7 camellos re...
nde viaxe...
ñas, un...
arm

PRENSA

XIX CERTAME DE XORNALISMO
"BEGONTE E O NADAL"

O Centro Cultural JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN de Begonte (Lugo), entidade promotora do BELÉN ELECTRÓNICO DE BEGONTE, co patrocinio da CONSELLERÍA DE CULTURA DA XUNTA DE GALICIA, e co fin de potencia-lo espírito do Nadal, e que se coñezan mellor os actos que con este motivo se celebran en Begonte, convoca o

XIX CERTAME XORNALÍSTICO
"BEGONTE E O NADAL"

de acordo coas seguintes BASES:

A. Poderán tomar parte neste certame os que publiquen, en calquera xornal ou revista, en lingua galega ou castelán, algún traballo ou serie de traballos sobre calquera tema que faga referencia ó Nadal en Begonte e -en xeral- ó Nadal en Galicia.

B. Establécense dous premios para os que se consideren os mellores traballos presentados, dotados con:

PREMIO BEGONTE DE XORNALISMO.- 75.000 ptas. e estatuíña de Sargadelos.

SEGUNDO PREMIO.- 25.000 ptas. e estatuíña de Sargadelos.

C. O prazo de entrega dos traballos que se presenten ó certame rematará ás 12 horas do próximo día seis de xaneiro de mil novecentos noventa e cinco, debendo facerse a entrega no Centro Cultural de Begonte, persoalmente ou por correo.

D. A presentación ha facerse por triplicado exemplar do xornal ou revista na que se publicase o traballo, xunto cunha nota na que se fagan constalos datos persoais do autor.

BEGONTE, NADAL de 1994

BASES

FALLO DO XURADO DO XIX CERTAME XORNALÍSTICO "BEGONTE E O NADAL"



O Xurado calificador dos traballos presentados ó XIX CERTAME XORNALÍSTICO "BEGONTE E O NADAL", formado por:

D. ANTONIO CALVO VARELA (Delegado provincial de Cultura), presidente; D. XOSÉ TRAPEROPARDO (Académico); D. MARCIAL GONZALEZ VIGO (Radiofonista); D. JESÚS DOMÍNGUEZ GUIZÁN (presidente do Centro Cultural convocante), vocais; e D. JOSÉ RODRÍGUEZ VARELA, secretario,

acordou emitilo seguinte fallo:

PREMIO BEGONTE DE XORNALISMO, dotado con 75.000 ptas. e estatuíña de Sargadelos. Concédese a XOSÉ MANUEL CARBALLO FERREIRO polo seu traballo titulado "O MILAGRE DE BEGONTE", publicado o 25 de decembro de 1994 no xornal El Progreso.

SEGUNDO PREMIO, dotado con 25.000 ptas. e estatuíña de Sargadelos, concédese a HELENA VILLAR JANEIRO, polo seu traballo IMOS ATA BEGONTE, publicado polo xornal El Correo Gallego o 21 de decembro de 1994.

O SECRETARIO DO XURADO

José Rodríguez Varela

**FALLO
DO
XURADO**



XOSÉ MANUEL CARBALLO FERREIRO

Xosé Manuel Carballo Ferreiro naceu en Goberno (Castro de Rei da Terrachá), o ano 1944.

É crego, e exerce o seu ministerio en varias parroquias de Castro de Rei, entrelas a capital do Concello. Foi formador do Seminario de Mondoñedo.

Humorista e prestidixitador, por riba de todo é un home da Igrexa e da Cultura; animador cultural e auténtico vivificador social.

Ten publicado teatro (O MENCINEIRO Á FORZA, RECOBROU O SORRISO O ELEUTERIO, ¿BO NADAL?), narración (PARÁBOLAS CHAIREGAS, DON OTTO DE VIAXE POLA CHAIRA), e comentarios de prensa, feito programas de Radio e dirixido o programa "HAI QUE CELEBRALO" en Televisión Lugo.

Ten acadado premios de xornalismo en Sarria e Vilalba; de investigación histórica en Bazar (Castro de Rei) e, en dúas ocasións, o Premio de Novela do Concello de Vilalba.

En Begonte ten acadado en dúas ocasións o primeiro premio do Certame de Xornalismo sobre O Nadal.

O MILAGRE DE BEGONTE

O acontecido en Belén de Xudea, cando o novo Moisés, Xesús, fendeu en dúas a historia da humanidade do mesmo xeito que o primeiro Moisés fendera as augas do mar que se interpoñía entre a escravitude e a liberdade, foi e é motivo de inspiración para grandes artistas, que nos deixaron plasmados os seus sentimentos en lenzos, en esculturas, en fermosísimos poemas.

Cantos colaboraron e colaboran dun ou doutro xeito para que cada ano sexa posible unha nova edición do Belén de Begonte, así como cantos tiveron e teñen algo que ver cos seus inicios, coa súa permanencia ó longo dunha xa dilatada vida e coa súa constante renovación, non teiman por competir coas obras deses grandes artistas.

Conténtanse con estar ó mesmo nivel ca tantos e tantos autores anónimos populares de vilancicos e panxoliñas.

Danse por satisfeitos con que cada figura se mova en harmonía coas demais, de xeito que, conservando cada unha a súa peculiar identidade, resulte máis rica toda a comunidade que sobrevive ó impacto dunha progresiva degradación medioambiental nun pequeno val de medio trego de superficie, réplica diminuta doutros cen vales galegos.

Neste pequeno val, deslindado poos muros do centro cultural “Xosé Domínguez Guizán”, a tradición se fai cultura, unindo o que xa foi co que está sendo e co que aínda ha de ser.

Destá maneira, zoqueiros, cesteiros, ferreiros, matachíns, afiadores, muiñeiros, serradores, la-

vandeiras, fiadoras e alfareiros, necesario cada un para a colectividade e ó mesmo tempo necesitado cada un dos demais, son plástica expresión dun traballo conxunto de electricistas, canteiros de casas en miniatura, artífices de bonecos con almiña de xoguete e deseñadores de arcos de vella, de folverpas de neve, de estreliñas brincadeiras e de anxos mensaxeiros que traspasan e iluminan os ceos bretemosos.

Para a realización do Belén Electrónico de Begonte fixo falla abrir as cancelas á capacidade de soñar e poñerse a traballar con cabeza de adulto e con corazón de neno.

E para contemplalo con proveito tamén e preciso facelo con corazón de neno; pois do contrario non sería posible deixarse levar e entrar no máis esencial e primordial, o que foi principal motivación dos que o soñaron: o misterio de todo un Deus feito feble Neniño, nado da máis fermosa doncela, para achegarse ós máis febles deste mundo.

Pero, ó mesmo tempo, tamén fai falla cabeza de adulto para seguir recoñecendo a ese Neno en cada neniño que chora pedindo pan e quentura, en cada man insegura que implora axuda e seguridades. Do contrario, quedaríase en mero espectáculo unha obra que desde os seus inicios foi concibida como catequese que axude a revitalizar o espírito do Nadal, que é espírito de concordia, de solidariedade, de fraternidade, de paz e de fe.

A historia que cada ano se revive en Begonte comezou hai moitos séculos; pois desde sempre

Deus quixo ser Luz para o home, pero non faltou quen sementase escuridade e caeu a noite sobre do mundo e, coa noite, a tristura, os lóstregos e os medos a deuses inventados por homes, nos que a tiranía afogaba á tenrura. Mais Deus, por ser Pai, non podía deixar ó home, seu fillo e seu espe-llo, sumido nas tebras e na escuridade.

*E chegou por fin o día
en que se abriu o nubrado
i en forma de suave orballo
baixou o Xusto desexado.*

Hai un segredo para que cada ano acudan a Begonte milleiros de Persoas a contemplar o seu Belén, -que non por ser de Begonte deixa de ser universal-, é que alí, ó longo de todo un mes prodúcese un milagre que se repite con cada pase.

Ese milagre consiste en que parte das figuras móvese gracias á enerxía eléctrica; pero non se movería ningunha se non fose por obra e gracia doutra enerxía tan sutil: a enerxía producida pola sintonía dos corazóns dos visitantes en son de ben cos corazón dos que acollen con agarimo.

Esta enerxía tan sutil brota do manantial da Esperanza; pero, por favor, que esta revelación non desvirtúe un segredo compartido por cantos manteñen a ilusión e viven enxertados na utopía.



HELENA VILLAR JANEIRO

Helena Villar Janeiro naceu en Becerreá (Lugo), e reside en Santiago de Compostela.

A súa traxectoria como escritora iniciuona en 1972, coa publicación do libro de poemas ALALÁS. Despois deste primeiro libro en castelán, publica unha abundante obra, sempre en galego, e boa parte dela en colaboración co seu home, o tamén escritor Xesús Rábade paredes.

Froito desta colaboración literaria xorden SÍMBOLOS DE GALICIA, O SANGUE NA PAISAXE, MORRER EN VILAQUINTE, NO ALO DE NÓS, O LIBRO DE MARÍA... de ensaio, novela ou poesía. En solitario ten publicado ROSALÍA NO ESPELLO, O DÍA QUE CHOVEU DE NOITE, VIAXE Á ILLA REDONDA, A CIDADE DE ALDARA, PATAPAU, A CANCIÓN DO REI, O AVÓ DE PIPA, O ENTERRO DA GALIÑA DE DOMITILA ROIS; e un amplo etcétera de contos, relatos, novela ou poesía.

Entre os numerosos premios acadados están o GALICIA, de novela e poesía; BARCO DE VAPOR, BREOGÁN, XOSÉ MARÍA CHAO LEDO, LORENZO BALEIRÓN, MODESTO R. FIGUEIREDO, etc.

Enveredada pola nobre estrela da noite de Nadal, chegareime a Begonte, esa vila que queda aló na estrada da Coruña a Madrid ó seu paso pola chaira luguesa.

As festas do Nadal volvéronse aínda máis entrañables para min desde que son adulta e ben consciente deses significados ancestrais cos que se foron mesturando os sentimentos relixiosos.

Así que este ano empezarei a celebración por darlle á miña casa un amaño especial, como cando era nena. Encherei de luces a ponla dunha árbore, costume en aparencia das culturas nórdicas pero tamén moi nosa por estarmos ligados des sempre á natureza polos ritos ancestrais do cambio de estación.

E non esquecerei montar nalgún recanto o meu presebe de figuras de barro sobre mofos, un dos símbolos máis populares do nadal e arraigado entre nós quizabes polas reminiscencias das pequenas imaxes dos deuses lares protectores do fogar que se gardaban nos altares domésticos das casas romanas.

Pero aínda así, e tendo bo tino de aproveitar cada recanto da casa e mesmo a gastronomía para o relembro, a festa de Nadal non me pasará por vez sen ir á Chaira luguesa, é dicir, á vila de Begonte onde se expón ó público desde hai vinte-tres anos un singular belén movido pola maxia da electrónica, representación navideña que cada ano atrae a máis interesados e curiosos.

Xa alí, por entre o fume rural que sobe ós ceos como os maitines albos, pagará a pena sen-

IMOS ATA BEGONTE

tirse peregrina nunha invernall viaxe que culmina en se sentir anovada, tan clara e primitiva como o canto das aves matutinas riba das bideiras mesetarias, que son tamén símbolo da esperanza na espidez inverniza.

E perante as figuras, os ribazos, o río prateado, a lavandeira, os serranchíns... é de notar como se apalpa máis de cerca a emoción oferente dos nobres Magos.

Como humilde escritora, eu non teño nada mellor para levar que un paxel acugulado de palabras en carabelo de vimbio, palabras que hoxe hai que rescatar dos teletipos para as liberar das tristes connotacións da intolerancia, das novas sanguíneas, da insolidariedade humana e do vergoñento dominio dos poderosos sobre os necesitados, nunca mellor representados que no pobre presebe do Señor.

¡Manaia ós visitantes que tomen o meu exemplo e acudan cabo desta marabilla móbil! Costou tantos esforzos a súa construción e precisa tal tesón para manterse e mellorarse a cadora que nos pode servir tamén como modelo da obra colectiva feita por un grupo de traballo que atopa como guía a bos e xenerosos, tal don Xosé Domínguez Guizán, a alma mater deste inxenioso invento.

Acontece en Begonte tal mestura de luces, movementos, ritmos, ruídos, música, arte popular e entusiasmo que o conxunto estimula sen demora a secundar tal realismo a lle pedir ó Neno un sopro inxel da súa boca para que mande o vento maino sobrevoar a Terra e zoar cal sinfonía que

ceibe paz nas almas, pan nas artesas e profundos manancíos de auga nos brocais sedentos e espallados no mundo.


Non é de estrañar, pois, que esta pequena vila e o seu meirande logro estean a recibir o premio popular.

Porque os seus visitantes, que son moitos, téñena convertida no símbolo do nadal galego.

¿E hai mellor oferta que sentir o misterio canda a vida cotiá ben retratada, miúda e abarcable, lírica e emotiva?

Nada me estrañaría que en Begonte cabo do nacemento florezan neste inverno os primeiriños froitos desa estrea do ano internacional da tolerancia que xa estamos a piques de encetar.

Que así sexa e a todos nolo outorgues, Meniño de Begonte e de Belén.



DIRECCIÓN XERAL DE
POLÍTICA LINGÜÍSTICA

CENTRO CULTURAL «JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN»
DE BEGONTE (LUGO) – DEC. 1994 - XANEIRO 1995